

ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN MUNICIPAL DE AXUDAS PARA SITUACIÓNS DE EMERXENCIA SOCIAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME

FUNDAMENTACIÓN.

O Concello de Pontedeume, asumindo as competencias que establece o artigo 25.2 K da Lei reguladora das Bases do Réxime Local e seguindo o establecido no artigo 80 da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración local de Galicia e nos artigos 4 e 8.3 da Lei 4/1993, do 14 de abril, de Servizos Sociais da Comunidade Autónoma de Galicia, procede a establecer a normativa que establece a regulación básica das prestacións para as axudas de Emerxencias sociais destinadas a persoas ou familias que se atopen en situacións carenciais.

Artigo 1º DEFINICIÓN:

As Axudas de Emerxencia social constitúen unha prestación económica ou en especie de carácter urxente e extraordinario, destinada a paliar situacións carenciais e transitorias imprevistas ou excepcionais, así como para previr o agravamento das mesmas.

Artigo 2º.- BENEFICIARIOS/AS E REQUISITOS:

Artigo 2.1. Beneficiarios/as:

a) Poderanse beneficiar destas axudas as persoas individuais ou unidades familiares no mesmo domicilio. Entendemos por unidade familiar o núcleo de convivencia, composto por dúas ou máis persoas vinculadas por matrimonio ou outra forma de relación estable análoga á conxugal, por parentesco de consanguinidade ata o segundo grado e por afinidade ata o terceiro grao.

b) Na unidade familiar tan só unha persoa pode ter a condición de beneficiario, aínda que se outorguen en beneficio da unidade familiar

Artigo 2.2. Requisitos:

a) Acreditar unha residencia no Concello de Pontedeume cunha antigüidade mínima de 6 meses, como norma xeral, mediante certificado de empadramento.

- No caso de non reunir o requisito xeral, queda aberta a posibilidade da concesión das axudas de emerxencia social segundo a valoración naqueles casos que por razón de necesidade, precariedade ou urxencia se atopen nunha situación de desprotección, no mesmo intre da súa petición, sendo necesario nestes casos un informe do/a traballador/a social dos Servizos Sociais, e co visto e prace do/a coordinador/a do servizo e do/a Alcalde/sa ou Concelleiro/a Delegado/a.

b) Dispor dunha renda per cápita mensual igual o inferior ao 50% do IPREM, deducidos dos ingresos líquidos, os gastos de alugueiro ou amortización da vivenda. Para efectos do cómputo de ingresos poderase solicitar calqueira documentación que se considere necesaria para a acreditación dos recursos económicos familiares no momento de realizar a solicitude.

No caso dun só membro na unidade familiar, o límite de ingresos será o equivalente ao importe da pensión non contributiva, sen deducións.

Artigo 3.- CÓMPUTO DOS INGRESOS:

Entenderanse como ingresos da unidade económica de convivencia os recursos económicos de todos e cada un dos membros da unidade familiar do seguinte xeito:

a) Ingresos da unidade económica de convivencia o 100% dos ingresos

b) No caso de existencia de propiedades de natureza rústica ou urbana estudarase en cada caso segundo as posibilidades reais de venda, aluguer ou calquera outra circunstancia que poida concorrer.

c) No caso de existencia de recursos dinerarios depositados en contas bancarias, teranse en conta os xuros retribuídos e computarase asemade o 100% da cantidade depositada.

d) Para o cómputo final dos ingresos descontaranse os alugueres e as hipotecas da vivenda habitual e permanente, ata 240 euros ao mes.

Artigo 4.- TIPOS DE NECESIDADE E CONTÍAS:

Artigo 4.1.- Tipos:

As axudas que se establecen poderán dirixirse a dar resposta ás seguintes situacións susceptibles de intervención.

- Situacións derivadas da falla de recursos económicos que impidan a cobertura das necesidades básicas.

- Axudas paliativas de situación de necesidade persoal, tales como alimentación, vestiario, etc.
- Axudas dirixidas ó mantemento da vivenda no propio domicilio (situacións carenciais que non se contemplan noutros programas) como reparación de electrodomésticos de primeira necesidade, reparacións urxentes, luz, auga corrente, creación de sanitarios, aluguer, impago de suministros, etc.
- Situacións imprevisibles de emerxencia que xeren un gasto especial, axudas de carácter puntual ás que os usuarios non poidan facer fronte por carencia de recursos:

- Desafiuzamentos.
- Incendio ou catástrofes naturais que afecten gravemente á vivenda.
- Accidentes de calquera tipo que afecten gravemente á economía familiar e que impliquen a realización de gastos de carácter extraordinario e urxente.
- Situacións especiais sobrevidas por causa do padecemento dalgunha enfermidade grave que implique traslados, tratamentos, axudas técnicas ou calquera outra necesidade que requira gastos adicionais ós do sistema público de saúde.
- Material escolar

Artigo 4.2.- Contías:

Establécense como norma xeral as seguintes contías:

Alimentación: Tres meses consecutivos ou ben unha vez cada catro meses ó longo do ano. Según os membros da unidade económica de convivencia o tope máximo será de:

U.E.C. de 1 ou 2 membros: Ata un tope máximo de 400 euros anuais.

U.E.C. de 3 membros: Ata un tope máximo de 450 euros anuais

U.E.C. de 4 membros: Ata un tope máximo de 500 euros anuais.

U.E.C. de 5 ou máis membros: Ata un tope máximo de 550 euros anuais.

Leite maternizada: Seis meses consecutivos ata un tope máximo de 300 euros con informe médico xustificativo da necesidade da mesma.

Vestiario básico: 150 euros ó ano por unidade económica de convivencia.

Medicación: 3 meses consecutivos, ou ben unha vez cada catro meses ó longo do ano ata un tope máximo de 100 euros e con informe médico xustificativo que dito medicamento non se poida adquirir polo Sergas e no caso que sexa posíbel, a emerxencia social, cubrirá o 40% do custo, sendo o resto a través da receta médica.

Gastos de vivenda:

Habitabilidade: O importe total en ningún caso excederá de 200 euros no prazo máximo de 1 ano.

Mantemento: O importe total en ningún caso excederá de 240 euros no prazo máximo de 1 ano.

Impago de subministro da vivenda: O importe total en ningún caso excederá de 150 euros no prazo máximo de 1 ano.

Axudas para actividades municipais: aquelas axudas dirixidas a familias en desvantaxe social que sexan precisas para a integración social dos diferentes colectivos previo informe do/a traballador/a social y/o técnicos/as do equipo de servizos sociais.

Actividades extraescolares: aquelas que se leven a cabo a través das ANPAS e outras entidades de carácter social e que teñan como obxectivo a integración, previo informe da traballadora social y/o técnicos do equipo de servizos sociais. Ata un máximo de 200 euros por unidade económica de convivencia por curso escolar.

As axudas poderán ser en especie, e consistir tanto na adquisición directa de bens e servizos polo Concello, como na directa prestación coa actividade, servizo, axuda ou reparación de que se trate por parte de persoal municipal ou baixo a dependencia ou responsabilidade desta entidade.

Artigo 5.- DOCUMENTACIÓN:

O acceso a esta axuda formalizarase mediante unha solicitude oficial presentada no Rexistro Xeral do Concello.

A solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- * Impreso oficial da solicitude cuberto
- * DNI ou NIE de tódolos membros da unidade económica de convivencia .
- * Libro de familia.
- * Certificado da unidade económica de convivencia.
- * Último recibo do pago do alugueiro da vivenda ou da súa amortización

* No caso de separación ou divorcio, sentenza e convenio regulador, así como tamén xustificantes das aportacións do ex-cónxuxe ou, no seu defecto, denuncia por incumprimento da sentenza.

* Xustificantes de ingresos referidos a todos os membros da unidade económica de convivencia, que se xustificarán mediante a seguinte documentación:

- a) Declaración da renda correspondente ao último exercicio ou certificado de rendas expedido pola Delegación da Axencia Tributaria.
- b) Nóminas actualizada de tódolos membros da unidade económica de convivencia.
- c) No caso de percibir unha pensión por xubilación, viudez, orfandade ou incapacidade, deberá presentarse xustificantes do Organismo correspondente.
- d) No caso de percibir axudas públicas por calquera concepto, certificado ou xustificante ao respecto do organismo dende onde se conceda, no seu defecto achegar certificación negativa.
- e) Presuposto de gastos para o que solicita a axuda, naqueles casos que sexa necesario.
- f) Cando por razóns alleas ao solicitante, non sexa posible achegar a documentación requirida, presentarse, no seu lugar, declaración responsable a tales efectos.
- g) No caso de transeúntes a documentación que deberán aportar será unha fotocopia do DNI e calqueira outra documentación acreditativa da súa identidade.

Artigo 6.- TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN:

A solicitude realizarase no Rexistro Xeral do Concello, unha vez derivada ó departamento de Servizos Sociais emitirase o correspondente informe-proposta, no que se valorará debidamente a situación acreditada documental e se cuantificará o importe da axuda.

Unha vez completo o expediente, e remitido o correspondente informe, logo da fiscalización da Intervención municipal, será presentado perante o/a Alcalde/sa-Presidente/a ou, por delegación, perante a Xunta de Goberno Local, para que sexa dictada a correspondente resolución.

O importe do gasto aboarase en conta bancaria do establecemento comercial pertinente segunda a axuda concedida.

A solicitude da axuda coa súa resolución anotarase na folla informatizada do Sistema de Información de Usuarios dos Servizos Sociais (SIUSS) e no caso de existir ficha de seguemento de intervención, anotarase na mesma.

O/A técnico/a do departamento de servizos sociais, ademais de presentar proposta de gasto ao departamento de intervención e sempre referido ao tema de axudas para alimentos ou comidas, deberá entregar ao beneficiario/a un vale orixinal asinado, deixando copia no Departamento, anotando a súa emisión no SIUSS e na ficha de seguemento de intervención no caso de existir.

O/a usuario/a entregará o vale nos supermercados concertados e nun prazo máximo dun mes, o establecemento concertado, remitiralle todos os vales ao Concello que se contrastarán e revisarán coa copia reservada de cada un deles.

Artigo 7.- OBRIGAS DOS/AS BENEFICIARIOS/AS:

- a) Destinar as axudas para o fin que foron otorgadas.
- b) Permitir e facilitar a labor das persoas designadas para verificar a súa situación familiar e económica.
- c) Cumprimento do proxecto de intervención familiar naqueles casos en que as axudas teñan uns obxectivos concretos previo informe do/a traballador/a social.

Artigo 8.- INCOMPATIBILIDADES:

Non se poderá ser beneficiario/a simultaneamente de máis dunha prestación para a mesma finalidade, calquera que sexa a administración pública ou privada otorgante. Na relación de alimentos que se poderán conceder, non se incluírán os existentes no programa do Banco de Alimentos no momento da solicitude.

Poderán concederse axudas cando as prestacións económicas dos outros servizos ou administracións non cubran a totalidade do importe da prestación.

Artigo 9.- CONFIDENCIALIDADE:

Garántese a confidencialidade dos datos obtidos na tramitación dos expedientes, de conformidade coa lei 4/93, do 14 de abril de servizos sociais no artigo 36 punto 3: todo usuario dos Centros e Servizos a que fai referencia esta Lei gozará dos seguintes dereitos: ao sixilo profesional acerca dos datos do seu historial sanitario e social. E no artigo 62 punto 1: son infraccións graves ou

3.- VIVENDA:

PROPIA:

ALUGADA:

4.- DESCRICIÓN DA AXUDA E IMPORTE DA MESMA:

5.- DECLARO baixo a miña responsabilidade que son certos os datos que consigno na presente solicitude.

Pontedeume, de do 2008
(*sinatura*)

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME

ANEXO I (bis)

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./Dna..... de anos,
con domicilio en Pontedeume, Rúa
....., nº, piso C.P., teléfono
.....e D.N.I. nº, de conformidade co
disposto no artigo 5 da Ordenanza específica reguladora da prestación de axudas
para situacións de emerxencia social do Concello de Pontedeume:

DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....

.....
.....
Pontedeume, o de de 2008
(*sinatura*)

Asdo.:

ANEXO II (De 1 a 4 membros da unidade económica de convivencia)
RELACIÓN DE ALIMENTOS QUE SE PODERÁN ADQUIRIR CUN VALE NOS
ESTABLECEMENTOS CONCERTADOS:

*** Lácteos:**

12 Litros de leite.
12 logures.

*** Froitas:**

2 kg. Laranxas
1 kg. Plátanos
1 kg. Mazás.
1 kg. Peras.

*** Legumes**

1 kg. Lentellas.
1 kg. Arroz.
1 kg. Garavanzos.
1 Kg. Fabas.
1 saco de patacas (máx. 15 Kg.)

*** Pastas:**

1 kg. Macarróns.
1 kg. Espaguetes.
1 kg Fideos de sopa.

*** Friame:**

200 gr. Xamón cocido.
200 gr. Mortadela.
200 gr. Chourizo.
200 gr. Queixo en rebandas.

*** Carnes:**

1 Polo grande.
1 kg. Carne salgada ou fresca.
4 Paquetes de salchichas.

*** Un quilogramo de peixe conxelado.**

*** Verduras e hortalizas:**

1 Mada de grelos ou verdura similar.
1 kg. Tomates
1 kg. Cenoiras.

*** Envasado:**

2 Latas de tomate grande en salsa (500 grs).
1 Lata sardiñas (500 grs.)
2 Latas de atún grande (500 grs).

*** Outros productos:**

5 l. Aceite de xirasol.
2 Ducias ovos.
1 kg. Azucre.
1 kg. Fariña.
1 Paquete grande de cacao.
1 Caixa de galletas.

1 k. Sal.

*** Hixiene e limpeza:**

1 l. Xel de baño.

1 l. Champo.

1 Tubo de pasta de dentes.

1 l. Lavalouzas.

1 Bote lixivia.

1 Paquete deterxente.

1 Bote fregasuelos.

12 Rolos de papel hixiénico.

*** Outros:**

Calquera outro que poida xurdir en función da necesidade

**ANEXO III (5 ou máis personas na unidade económica de convivencia)
RELACIÓN DE ALIMENTOS QUE SE PODERÁN ADQUIRIR CUN VALE NOS
ESTABLECENTOS CONCERTADOS:**

*** Lácteos:**

24 Litros de leite.

24 logures.

*** Froitas:**

2 kg. Laranxas

1 kg. Plátanos

2 kg. Mazás.

2 kg. Peras.

*** Legumes**

2 kg. Lentellas.

2 kg. Arroz.

2 kg. Garavanzos.

2 Kg. Fabas.

1 saco de patacas (máx. 15 Kg.)

*** Pastas:**

2 kg. Macarróns.

2kg. Espaguetes.

2 kg Fideos de sopa.

*** Friame:**

200 gr. Xamón cocido.

200 gr. Mortadela.

300 gr. Chourizo.

300 gr. Queixo en rebandas.

*** Carnes:**

2 Polos grande.

2 kg. Carne salgada ou fresca.

4 Paquetes de salchichas.

*** Dous quilogramos de peixe conxelado.**

*** Verduras e hortalizas:**

2 Madas de grelos ou verdura similar.

2 kg. Tomates

2 kg. Cenoiras.

1 kg. de cebolas.

½ kg. de allos.

*** Envasado:**

4 Latas de tomate grande en salsa (500 grs).

4 Lata sardiñas (500 grs.)

4 Latas de atún grande (500 grs).

*** Outros produtos:**

5 l. Aceite de xirasol.

4 Ducas ovos.

2 kg. Azucre.

2 kg. Fariña.

1 Paquete grande de cacao.

2 Caixa de galletas.

1 k. Sal.

*** Hixiene e limpeza:**

2 l. Xel de baño.

1 l. Champo.

1 Tubo de pasta de dentes.

1 l. Lavalouzas.

1 Bote lixivia.

1 Paquete deterxente.

1 Bote fregasuelos.

12 Rolos de papel hixiénico.

*** Outros:**

Calquera outro que poida xurdir en función da necesidade

Pontedeume, 31 de xullo de 2008

